

XXII Feira histórica ARTEIXO 1900



MURGUÍA 100 ANOS DO SEU PASAMENTO

20 · 21 · 22
OUTUBRO 2023

ORGANIZA:

Arteixo / Cultura

PATROCINA:

COMUNIDADE DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, PATRIMONIO, TURISMO, INDUSTRIA, ENERXÍA E TRANSFERENCIA


Deputación DA CORUÑA

Estrella Online

CABREIROA

arteixo

XXII Feira histórica ARTEIXO 1900



MURGUÍA,
100 ANOS DO
SEU PASAMENTO



COLABORA:

Concellaría de Igualdade, Servizos Sociais, Saúde e Educación - Concellaría de Miores, Actividades Sociais e Participación Cidadá - Servizos de Seguridade Cidadá - AC Faiscas - AC Palilleiras e Punto de Arteixo - AC Queiroa - AC Tropicata - Apetahí Galicia - ASC Mariana de Arteixo - Asociación de Pensionistas e Xubilados de Arteixo - AVRC Fontesvellas de Lañas - ACC Pedra da Salsa de Barrañán - AVV Ria de Rañobre - AVV San Esteban de Larín - AVV Sto. Tomás de Monteaugudo - AX Xiradela - Barca de Música - Santiago de Arteixo - Orfeón de Arteixo - Club Xadrez Arteixo - Escola de Baile Tempo 154 - Escola de Música Entresóns - Henrique Robuñal

SÁBADO 14

A "LILICLETA": Pasarrúas musical.
Rúas do centro da vila.

SÁBADO 21
PUNTO VIOLETA

"Por unha feira libre de violencia sexista".
Das 23:00 ás 3:00 h na Praza do Baño

NO CASO DE CHOIVA

Algunhas das actividades poderían trasladarse ao Auditorio do CCC de Arteixo ou á Cúpula do parque central.

+ INFO SM de Cultura / Centro Cívico Cultural de Arteixo. Paseo Fluvial s/n
981 65 91 00 / cultura@arteixo.org / www.arteixo.org


LITERATURA GALEGA DESDE ROSALÍA E MURGUÍA ATÉ A GUERRA CIVIL

Henrique Robuñal

A nosa literatura é como un navío a quen nunca faltan tripulantes nunha renovación permanente. A navegación debe vencer numerosas adversidades pois nesta etapa nin o galego gozaba de protección legal nin o noso país de ningunha fórmula de autogoberno. Con frecuencia, entre os nosos escritores podemos distinguir aqueles menos ousados en temas e formas e aqueles máis en sintonía coas sucesivas tendencias das literaturas europeas.

REXURDIMENTO

Tanto Murguía como Rosalía foron pezas decisivas no rexurdimento literario ao que ela entregou as obras *Canções gallegas* e *Folhas novas*. Murguía, de quen celebramos o centenario do seu pasamento, foi o líder do rexionalismo e deixounos obras de moito valor como historiador, xornalista, erudito e creador. Con Rosalía ocupan os lugares de honra da poesía Eduardo Pondal, Curros Enríquez e Lamas Carvajal. Lamas ademais de poeta e narrador (*Catecismo do labrego*) foi un dos pioneiros do xornalismo en galego. O Rexurdimento abrangue tamén os xéneros teatral e narrativo. Entre os primeiros prosistas figuran López Ferreiro, Pérez Placer, Marcial Valladares, Álvarez de Novoa, Otero Pimentel ou Xan de Masma. Como dramaturgos citaremos os nomes de Francisco M^o de la Iglesia, Galo Salinas, Cuveiro Piñol ou Álvarez Giménez. O labor literario estivo acompañado da celebración de certames e xogos florais, da aparición de traballos gramaticais e de crítica literaria, de estudos históricos e dun feixe de publicacións periódicas (*O tío Marcos da Portela*) así como de coleccións tan valiosas como a Biblioteca Gallega.



Filomena Dato, Florencio Vaamonde, Martelo Paumán, Juan Barcia ou García Ferreiro. En 1903 ten lugar na Coruña un fito teatral: a creación da Escola de Declamación á que están ligados Fernando Osorio, Galo Salinas e Lúgris Freire.

IRMANDADES DA FALA (IF), GRUPO NÓS E SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS (SEG)

A creación das Irmandades da Fala na Coruña en 1916, a aparición da revista *Nós* en 1920 e a constitución do Seminario de Estudos Galegos en 1923 dominan o panorama literario galego antes de 1936. Ramón Cabanillas é o poeta irmandiño por excelencia. Con el debemos evocar as obras de Manuel Antonio, Amado Carballo, Bouza-Brey e Cunqueiro que representan diversas versións das nosas vangardas. Dramaturgos relevantes destes anos foron Cotarelo, Leandro Carré, Quintanilla, Villar Ponte e Lúgris Freire. Nós designa tamén unha espléndida xeración de intelectuais moi activos como prosistas, ensaístas e dramaturgos. É o caso de Otero Pedrayo, Vicente Risco e Castelao. Os escritores máis novos están ligados ao SEG. Entre eles Rafael Diez de mostras desde cedo dun inmenso talento como xornalista, contista e autor teatral.

ENTRE DOUS SÉCULOS

No tránsito do século XIX ao XX, cando o rexurdimento xa dera os seus froitos, agroma unha nova fornada de autores entre os que destaca a figura de Noriega Varela. Ao seu carón outros como Leiras Pulpero, Francisca Herrera,

Nestes anos foise configurando un ensaio galego e apareceron coleccións de narrativa (Céltiga, Lar), xornais (*A Nosa Terra*), editoras (Nós) e numerosos grupos de teatro como os promovidos polas propias IF e os coros populares.

· VENRES · 20

- 17:00 H Apertura do Mercado 1900 / *Paseo fluvial*
Comparsa infantil e xogos 1900 / *Paseo fluvial e Cúpula do parque central*
- 17:30 H Obradoiro infantil: "Lettering" / *Paseo fluvial*
- 18:00 H "Unha viaxe exótica pola literatura polinesia do 1900" por APETAHI GALICIA / *Anfiteatro*
- 18:30 H "Circanelo" de ALFREDO MUÍÑO / *Avda. do Balneario*
- 20:00 H "Dúo Vaguedades": dúo musical de Rosalía de Castro (Isabel Risco) e Eduardo Pondal (Fran Rei) de ARTEFEITO PRODUCCIÓNS / *Auditorio do CCC de Arteixo*
- 21:00 H "Levaino!": actuación espectacular de música e danza tradicional con XURXO FERNÁNDES / *Praza do Balneario*
- 23:30 H Concerto de dixieland MUSKRAT RAMBLERS / *Praza do Balneario*
- 01:30 H DJ LUISO / *Praza do Balneario*

· SÁBADO · 21

- 10:00 H Dianas da AC TRISKELL / *Rúas de Arteixo*
- 11:00 H Apertura dos Mercados 1900 / *Paseo fluvial e Praza do Balneario*
- TODO O DÍA XI Encontro da AC PALILLEIRAS E PUNTO / *Paseo fluvial*
Xogos populares / *Avda. do Balneario*
Fotógrafo 1900 / *Paseo fluvial*
- 12:00 H Obradoiro infantil "Caligramas" / *Paseo fluvial*
Campionato de brisca e tute das AA WW locais / *Praza do Balneario*
Paseo inaugural das autoridades e a súa comitiva polo recinto feiral acompañadas por XACARANDAINA. Acto de apertura de portas con PONDAL (Fran Rei) e o ORFEÓN DE ARTEIXO / *Entrada principal do Paseo fluvial*
- 12:30 H "Os vellos SI deben namorarse" DO GRUPO DE MAIORES DA BAIUCA ante a presenza do SR. CASTELAO (Xosé Leis) / *Anfiteatro*
- 12:45 H Actuación de música e baile tradicional de XACARANDAINA dedicado ao noso Patriarca MANUEL MURGUÍA (José Losada) / *Paseo das Letras, Praza da igrexa e Praza do Balneario*

- 13:30 H "Bailando coas letras" dos GRUPOS DE ARTEIXOGO DO PROGRAMA DE FAMILIA ante a atenta mirada da nosa poetisa internacional ROSALÍA DE CASTRO (Isabel Risco) / *Patio do Balneario*
- 14:00 H Sesión vermú (swing) con TRIxiELAND / *Praza do Balneario*
- 15:00 H "Imos de romaxe": xantar campestre. Atrévete! / *Recinto feiral*
- 15:30 H "Contos de taberna" con PICADILLO (Xurxo Souto) / *Cúpula do parque central*
- 17:30 H "Música nas nosas letras" coa BANDA DE MÚSICA SANTIAGO DE ARTEIXO e o ORFEÓN DE ARTEIXO / *Anfiteatro*
- 18:30 H "Abracadáver" de AS SIRCÓPATAS / *Patio do Balneario*
- 19:30 H "A Cova Céltica": faladoiro literario con HENRIQUE RABUÑAL, MIGUEL SANDE e XABIER MACEIRAS sobre os/as escritores/as galegos/as da época / *Terraza da Cafetería do CCC*
- 22:00 H Cea baile 1900 animada pola BANDA XANGAI e dinamizada por TROPICALIA e a parella de baile ANDRÉS E BERNA / *Pazo dos Deportes*
- 22:30 H Concerto de soul de BLACK STEREO / *Praza do Balneario*
- 00:30 H Concerto con BACK TO THE DISCO / *Praza do Balneario*
- 01:30 H DJ BASSUZ / *Praza do Balneario*

· DOMINGO · 22

- 11:00 H Apertura dos mercados 1900 / *Paseo fluvial e Praza do Balneario*
- TODO O DÍA Xogos populares / *Avenida do Balneario*
- 12:00 H "A lingoreteira" de XAROPE TULÚ / *Terraza da Cafetería do CCC*
- 12:30 H GRAN XINCANA LITERARIA INFANTIL / *Paseo Fluvial*
- 13:00 H "Xiradela festexa o rexurdimento" da AX XIRADELA / *Anfiteatro*
- 14:00 H Sesión vermú (versións) con COVERS&CIA / *Praza do Balneario*
- 15:00 H Xantar a prezos populares / *Praza do Balneario e cúpula do parque central*
- 17:00 H Torneo aberto de xadrez / *Praza do Balneario*
"As palabras perdidas" de INVENTI TEATRO / *Patio do Balneario*

- 18:00 H Baile de acordeón con acompañamento vocal da AC MARIANA / *Praza da Igrexa*
- 18.30 H "Espera" de EIA COMPAÑÍA DE CIRCO / *Anfiteatro*
- 19:00 H Concerto do alumnado da Escola de Música ENTRESÓNS / *Patio do Balneario*
- 19:30 H "As peripatéticas", espectáculo literario e libertario da AC FAISCAS / *Paseo fluvial e Cúpula do parque central*
- 20:00 H Actuación do alumnado da EB TEMPO 154 / *Patio do Balneario*
- 21:00 H Presentación de "Ardén", sorprendente disco de MONDRA / *Praza do Balneario*

· SUXESTIÓNS ·

UTILICE O SERVIZO DE ALUGUER DE TRAXES:

- Nos comercios locais
- Na Sala dos Espellos do Centro Cívico Cultural de Arteixo do 16 ao 21 en horario de 11:00-14:00 e de 17:00-20:00. Devolución roupa o luns 23 de 09:00-15:00 e de 16:00 a 20:00.

MERQUE AS ENTRADAS PARA A CEA 1900 (maiores de 12 anos):

Do 16 ao 21 de outubro na Billeiteira do CCC de Arteixo en horario de 11:00-14:00 e de 17:00-20:00 (o sábado esténdese ata ás 21:00 h no CCC e de 21:30 a 22:30 no Pazo dos Deportes).
Prezo 25 €.

VISITE AS EXPOSICIÓNS:

Fotografías antigas locais Literatas/as galegas/as 1900
13 ao 22 de outubro no CCC de Arteixo en horario de mañá e tarde

Traxes tradicionais
Nos escaparates dos comercios de Arteixo CCA

DISFRUTE DO MERCADO DA COLLEITA E DA TABERNA PICADILLO

No campo da igrexa e Cúpula do parque central

TROCO DE LIBROS

Trae os teus libros e trócaos por outros nos puntos indicados do Recinto Feiral.